

Foro de debate sobre a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias

Santiago de Compostela
29 e 30 de xuño de 2017

Elsa Quintas Alborés,
A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

Artigo 9. Xustiza

1. As Partes comprométense, polo que se refire ás circunscricións das autoridades xudiciais nas que resida un número de persoas que practiquen as linguas rexionais ou minoritarias e que xustifiquen as medidas que veñen a seguir, e segundo a situación de cada unha destas linguas, a:

a) nos procedementos PENAIS:

- i) prever que as autoridades e servizos xudiciais, se o demandase unha das partes, utilicen as linguas rexionais ou minoritarias; e/ou
- ii) garantirlle ó acusado o dereito de se expresar na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou
- iii) prever que os requirimentos e as probas escritas ou orais non se consideren inválidas simplemente porque están relacionadas cunha lingua rexional ou minoritaria; e/ou
- iv) redactar nestas linguas rexionais ou minoritarias, cando fose demandado, as actas ligadas a un procedemento xudicial, se cumprise recorrendo a intérpretes e a traducións que non lles supoñan gastos suplementarios ós interesados;

b) nos procedementos CIVÍS:

- i) prever que as autoridades e servizos xudiciais, se o demandara unha das partes, utilicen as linguas rexionais ou minoritarias; e/ou
- ii) permitir, cando unha das partes en litixio deba comparecer en persoa perante un tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen que isto lle implique gastos suplementarios; e/ou
- iii) permitir a produción de documentos e probas nas linguas rexionais ou minoritarias, recorrendo a intérpretes e a traducións, se fose preciso;

iv) tomar medidas a fin de que a aplicación dos parágrafos 1) e 3) do apartado b) e o uso eventual de intérpretes e de traducións non lles supoñan gastos suplementarios ós interesados.

2. As Partes comprométense a:

- a) non refusar a validez das actas xurídicas establecidas no Estado polo só feito de que estean redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria; ou
- b) non refusar a validez, entre as partes, das actas xurídicas establecidas no Estado polo só feito de que estean redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria e prever que sexan contrarias a terceiros interesados non falantes destas linguas, a condición de que aquel que fai valer a acta dea a estes terceiros a posibilidade de coñecer o contido da acta.
- c) non refusar a validez, entre as partes, das actas xurídicas establecidas no Estado, polo só feito de que estean redactadas nunha lingua rexional ou minoritaria.

3. As Partes comprométense a facer accesibles, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos xurídicos nacionais máis importantes e os que se refiren particularmente ós falantes destas linguas, agás que estes textos estean dispoñibles xa noutro lugar.

Artigo 9. Linguas oficiais no ámbito da xustiza

Parágrafo 1

As Partes comprométense, no que respecta ás circunscricións xudiciais nas que o número de residentes que utilizan as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as seguintes medidas específicas e segundo a situación de cada unha destas linguas e a condición de que a utilización das posibilidades ofrecidas polo presente parágrafo non sexa considerado polo xuíz un impedimento para correcta administración de xustiza, a:

a) en procesos **PENAI**S:

i) facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan os procedementos nas linguas rexionais ou minoritarias.

b) en procesos **CIVÍ**S:

i) facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias.

c) en procesos ante as xurisdicións pertinentes en materia **ADMINISTRATIVA**:

i) facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias.

INCUMPRIMENTO POR PARTE DO ESTADO. Lexislación sen modificar:

- Artigo 231 Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX)

- Artigo 142 Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de Axuizamento Civil (LAC)

CONSECUENCIA: O uso do galego continúa a ser potestativo/ non preceptivo para os membros da Xudicatura, da Fiscalía, Letradas da Administración e demais funcionariado.

Artigo 231 Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX)

1. En todas as actuacións xudiciais, os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais **USARÁN O CASTELLANO**, lingua oficial do Estado.
2. Os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais **PODERÁN** usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxese, alegando descoñecemento dela que puidese producir indefensión.
3. As partes, os seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas.
4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma terán, sen necesidade de traducción ao castellano, plena validez e eficacia. De oficio procederase á súa traducción cando deban surtir efecto fóra da xurisdicción dos órganos xudiciais sitos na Comunidade Autónoma, salvo se se trata de Comunidades Autónomas con lingua oficial propia coincidente. Tamén se procederá á súa tradución cando así o dispoñan as leis ou a instancia de parte que alegue indefensión.
5. A habilitación como intérprete nas actuacións orais ou na lingua de signos realizarase de conformidade co disposto na lei procesual aplicábel. (Apartado redactado pola L.O. 5/2015, pola que se modifican a LAC e a LOPX, para traspor a Directiva 2010/64/UE, de 20 de outubro de 2010, relativa ao dereito á interpretación e á tradución nos procesos penais e a Directiva 2012/13/UE relativas ao dereito de información nos procesos penais. Vixencia dende 28 outubro 2015).

En 2015 o Estado tivo unha magnífica oportunidade de acometer a reforma da LOPX e da LAC.

Artigo 142 Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de Axuizamento Civil (LAC)

1. En todas as actuacións xudiciais, os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais USARÁN O CASTELLANO, lingua oficial do Estado .
2. Os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais PODERÁN usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxese, alegando descoñecemento dela que puidese producir indefensión.
3. As partes, os seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas.
4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma terán, sen necesidade de traducción ao castellano, plena validez e eficacia. De oficio procederase á súa traducción cando deban surtir efecto fóra da xurisdicción dos órganos xudiciais sitos na Comunidade Autónoma, salvo se se trata de Comunidades Autónomas con lingua oficial propia coincidente. Tamén se procederá á súa traducción cando así o dispoñan as leis ou a instancia de parte que alegue indefensión.
5. Nas actuacións orais, o tribunal por medio de providencia poderá habilitar como intérprete a calquera persoa coñecedora da lingua empregada, previo xuramento ou promesa de fiel traducción.

A que nos conduce esta situación ás operadoras xurídicas? Ao impedimento legal de exercitarmos o dereito a un proceso en galego, ao incumprimento palmario dos apartados da letra i) do artigo 9 da Carta Europea.

E como consecuencia, a posibilidade de que diten unha Dilixencia de Ordenación nun Xulgado como esta, resolvendo a miña petición a un procedemento en galego, en data 17 de febreiro de 2017:

“En lo referente a la petición de que las presentes actuaciones se desarrollen por completo en lengua gallega poner en conocimiento de la parte demandante que debido a que el programa de tramitación tan sólo se encuentra en lengua castellana y que el artículo 142 de la Ley de Enjuiciamiento Civil determina que el uso de la lengua oficial de la Comunidad Autónoma es POTESTATIVA para los Jueces, Magistrados, Letrados de la Administración de Justicia y demás funcionarios de los Juzgados y Tribunales, continuará el procedimiento tramitándose en lengua castellana sin perjuicio de que la parte pueda presentar sus escritos en la lengua que estime oportuna.”

Concluimos, en canto ao incumprimento deste primeiro apartado, que:

1. Nin os Xulgados e Tribunais consultan ás partes ao inicio do procedemento en que lingua desexan estas que se desenvolvan as actuacións.
2. Non se atende a petición da interesada que solicita expresamente que as actuacións se desenvolvan en galego.
3. Depende da sensibilidade e voluntarismo de cada membro da Xudicatura, Fiscalía e demais funcionariado o respecto aos dereitos lingüísticos dos galegofalantes nos tribunais.
4. A cotío son manifestamente conculcados os dereitos de galegofalantes nas súas comparecencias fronte a Administración de Xustiza. E así, non hai Xustiza.

Sirva de triste anécdota o proceso de incapacitación dunha señora de certa idade no que a xuíza lle berraba porque pensaba que a incapacitábel estaba xorda, cando en realidade o que sucedía era que a señora non entendía a xuíza porque non lle falaba en galego.

Igual de grave foi o recente caso en Vilagarcía, tamén nun proceso de incapacitación, no que un interesado solicitou ao inicio da vista que esta fose en galego, o xuíz amoestouno por considerar que alteraba a orde na sala e ameazouno con expulsalo.

En canto ao apartado (9. 1º parágrafo, a) IV))

iv) producir, previa solicitude, os documentos relacionados cos procedementos legais nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes, se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións que non supuxesen gastos adicionais para as persoas en cuestión.

Aínda que se solicite expresamente, os Letrados da Administración (antes Secretarios Xudiciais) negan a lles facilitar aos interesados as sentenzas ou notificacións do proceso en galego.

O Consello Xeral do Poder Xudicial ampara os Letrados da Administración que se negan a facilitar sentenzas ou notificacións en galego e nega que o cidadán teña tal dereito.

Por outra banda, seguimos a denunciar que o coñecemento do galego segue a NON constituír requisito para exercer de Xuíza, Fiscal ou Letrada da Administración en Galiza.

Tras o dato de que tan só o 5 % das sentenzas ditadas en Galiza están redatadas en galego, non só está a negativa ou á falta de capacidade lingüística de grande parte da Xudicatura, senón NO DESLEIXO DA ADMINISTRACIÓN, QUE OBSTACULIZA ESTE USO.

Concretamente coa aplicación informática de uso obrigado en todos os Xulgados o PROGRAMA MINERVA, proporcionado pola Xunta de Galiza, non permite o uso da lingua galega, expondo a quen queira realizar o traballo en galego a unha sobrecarga superior ao 40 %, xa que o obriga a redactar todo de forma manual sen poder valerse de modelos do programa. O Estado Español sinalou en informes que a plena implantación resulta un logro, constituíndo en realidade a principal pexa para que o funcionariado que ten vontade de empregar o galego se vexa en desvantaxe con respecto a aqueles que optan polo castellano, pois obrígaos a realizar un esforzo extraordinario de redacción manual ao non poderse valer do programa Minerva

MINERVA, aplicación informática, competencia da Xunta

O programa MINERVA foi cedida gratuitamente polo Ministerio de Xustiza á Xunta con todos os dereitos de propiedade intelectual, de xeito que a Consellería de Xustiza quedou autorizada para modificar nel todo, non só introducindo documentos, senón modificando o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión tamén en galelgo.

Cando se asinou esta cesión o Ministerio de Xustiza xa advertiu á Xunta que dende ese momento esta sería a responsábel da tradución, e que o Estado non realizaría esa xestión.

En consecuencia, a Xunta é dende ese momento a titular da aplicación en Galiza e a única facultada para modificalo ou traducilo.

A escolla da lingua galega, ben sexa por unha cidadá, ben por unha funcionaria, acaba por implicar unha penalización ou unha sanción que se traduce en:

a) Unha dilación no procedemento, pois a necesidade de tradución e intérpretes que pode requirir un xuíz supón a ralentización do proceso.

b) Un esforzo extra, pois o desempeño das tarefas polo funcionariado exixen un labor de tradución da lexislación, dos documentos, dos formularios e dos modelos. Este esforzo require dunha voluntariedade e conciencia persoal e propia do funcionariado.

Existe manifesta desigualdade: a Xunta non proporciona as mesmas ferramentas lingüísticas, non facilita o traballo de quen opta por desempeñar as súas funcións en galego.

A Xunta falla no seu elemental papel de promotora do galego e está conculcando sen cesar o artigo 9.2 da CE.

O artigo 9.2. CE expón:

“Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.”

A Xunta non promove as condicións de igualdade material das e dos galegofalantes.

A Xunta non remove os obstáculos que impiden ou dificultan a plenitude dos nosos dereitos.

Parágrafo 3:

“As partes asumen facilitar os textos estatais estatutarios máis importantes nas linguas rexionais ou minoritarias, agás que se proporcionen doutra maneira.”

Os textos legais que foron traducidos están desactualizados, pois tan só se traduciron as súas versións iniciais pero non as consolidadas.

Non é posíbel acceder a versións consolidadas de textos legais en galego en formato electrónico nin en ningunha base de datos.

As actualizacións e versións consolidadas que chegan aos xulgados, pagadas pola Xunta e polo Estado, están só en español.

Como as versións en galego dos documentos acostuman a incorporar con retraso as modificacións legais ou non as incorporan nunca, denígrase a opción do galego na Administración de Xustiza e desincentívase o seu uso. A obriga de revisar constantemente a súa actualización e a incerteza de manexar corpus legislativos desactualizados provocan rexeitamento, pois resulta ineficiente e pode comprometer o resultado dun proceso.

CONCLUSIÓNS:

I.- A lexislación vixente no Estado Español impide garantir os dereitos lingüísticos da CELRM na Administración de Xustiza, en aras á igualdade material.

II.- A cativa normativa estatal favorábel ao uso do galego non se acompaña de dotación orzamentaria, nin se acompaña de medidas de seguimento e control do seu cumprimento. Fica nun plano de igualdade formal e teórica.

III.- Para garantir unha igualdade material son necesarios medios humanos e materiais que permitan o desenvolvemento das tarefas en galego, especialmente na posta a disposición dos axentes intervintes na Administración de Xustiza de ferramentas tecnolóxicas e aplicacións informáticas en galego.

IV.- A cidadá residente en Galiza ve vulnerado o seu dereito a un proceso xudicial en galego, e cando se observa, provócanselle indebidamente dilacións.

V.- É intolerábel, por inxusto, que o funcionariado que opta polo desempeño das súas funcións en galego, vexa multiplicada a súa carga de traballo por non dispor das ferramentas adecuadas e de lexislación actualizada en galego.

VI.- É intolerábel a marxinación do galego no ámbito da Administración de Xustiza, contribuindo á desaparición da nosa lingua.

Como medidas a aplicar, propomos retomar aquelas xa expostas no **Plan Xeral de Normalización Lingüística**:

1. Elaborar dun programa de normalización específico e establecer un órgano de referencia.
2. Establecer de normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística exixíbel nos procesos de acceso á función xudicial e no desempeño desta función.
3. Establecer programas de formación nos que se incorpore a capacitación lingüística e o réxime xurídico do uso das linguas.
4. Fomentar o uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio do funcionariado que a vaian usando.
5. Traducir ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián e garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galiza.
6. Elaborar materiais terminolóxicos por medio de convenios de colaboración con servizos, empresas ou organismos especializados e establecer os circuítos para difundilos.
7. Favorecer a implantación do galego na docencia universitaria de 1º e 2º ciclo de Dereito, así como o uso na formación continuada non universitaria.

E todo isto baixo os principios da **Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos** (1996) e do recentemente aprobado **Protocolo de Donostia** (medidas 31 a 36, insertas na Área de Alta Prioridade):

1. As administracións recoñecen a dimensión dos dereitos lingüísticos á hora de ofrecer servizos xurídicos e, en recoñecemento dos dereitos das comunidades lingüísticas, as administracións xudiciais garanten aos cidadáns o seu dereito a realizar os procedementos xudiciais na lingua minorizada.

2. De conformidade co do principio de igualdade de trato, todo membro da comunidade lingüística ten dereito a realizar todo tipo de procedementos orais e escritos de maneira directa, sen recorrer a intérpretes.

3. Tendo en conta as súas especiais características, as administracións dan un tratamento específico ao deseño da planificación establecida no apartado A.2.3. e poñen en marcha un sistema para o seu seguimento.

4. A Administración de xustiza aplica as medidas pertinentes para a adecuada adquisición dun dominio da lingua por parte dos xuíces, fiscais, secretarios e outros profesionais chave.

5. A Administración de xustiza adopta medidas para garantir o acceso a textos xurídicos, códigos e materiais semellantes en lingua minorizada.

6. A Administración de Xustiza executa un plan xeral de normalización lingüística, a fin de prestar servizos en lingua minorizada, fixando un calendario para a execución do plan.

6.1. Os plans conteñen obxectivos ligados a medidas e índices de progreso relativos á lingua minorizada, así como unha avaliación externa e interna da execución do plan.

6.2. O plan analiza, define e identifica prioridades relativas ás capacidades comunicativas e á competencia lingüística en lingua minorizada necesarias para os postos de traballo da Administración de Xustiza.

6.3. A Administración garante un dominio adecuado da lingua por parte da plantilla existente e da plantilla de nova incorporación.

Xa coñecemos a situación do galego no ámbito da xustiza, xa temos diagnóstico, xa todo está deseñado e ademais coñecemos as medidas que hai que implantar. Só falta o máis importante: a vontade política de executalas e materializalas.

Grazas pola súa atención!
Eskerrik asko zuen arretagatik!
Gràcies per la seva atenció!

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA